



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E DA REDE DE PLUVIAIS EN ESPAZOS PÚBLICOS DO NÚCLEO RURAL DE PONTELLA, PARROQUIA DE SANTIRSO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Malpica de Bergantiños encadrase na que, de xeito continuado, ven realizando a Consellería coas entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Malpica de Bergantiños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Malpica de Bergantiños, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público





municipal a actuación consistente na **“mellora da pavimentación e da rede de pluviais en espazos públicos no núcleo rural de Pontella na parroquia de Santirso no concello de Malpica de Bergantiños”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Malpica de Bergantiños trata de promover unha actuación consistente na **“mellora da pavimentación e da rede de pluviais en espazos públicos no núcleo rural de Pontella na parroquia de Santirso no concello de Malpica de Bergantiños”**.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O concello solicita colaboración económica, a través dun convenio, para dotar ao núcleo urbano dunha infraestrutura necesaria, que complementará a dotación dos equipamentos públicos municipais existentes, mellorando deste xeito os servizos que o concello ven prestando en materia accesibilidade, seguridade peonil e de saneamento.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017. María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

